

## EDITORIAL

Ó longo dun ano, que é o período que aproximadamente transcorre entre a publicación de dous números deste Boletín CROA, suceden tantas cousas relacionadas co Patrimonio Histórico e Cultural non só no ámbito lucense senón tamén no galego e español en xeral, que parece misión imposible tratar de referirse a todos eles no acostumado Editorial, que sempre quixo reflectir os aspectos más actuais daquel tema patrimonial.

Non obstante, é obrigado mencionar algúns feitos ou circunstancias positivas e outras que non o son tanto ou, mellor diríamós, que son realmente nefastos desde o punto de vista patrimonial e cultural. Se a simple mención deles serve para reflexionar e actuar en consecuencia, cadaquén na medida das súas posibilidades, só/soa ou formando parte de calquera institución ou colectivo, este Editorial (en certa maneira, voceiro da Xunta Directiva da Asociación) xa tería a súa razón de ser, ó tempo que cumpriría o establecido nos seus Estatutos.

Nunha certa orde cronolóxica e empezando polo ámbito galego, convirá lembrar a polémica, en boa medida inútil e esaxerada, xurdida a propósito do “relevo” (por díci-lo suavemente) na dirección do Centro Galego de Arte Contemporánea, e dise que inútil e esaxerada porque non debería ser noticia que un cargo “de libre designación” sexa substituído por “libre remoción”, con independencia das moitas opiniós que se poidan oír a favor ou en contra da medida. Pero o grave é que ningún parece plantearxarse a razón de ser do CGAC, a xustificación dos seus enormes gastos (sobre todo comparados cos outros centros, si museísticos, que tamén dependen da Administración autonómica) ou, en fin e sen esgotar desde logo os temas, ningún parece pre-guntarse porque en dotáculos de persoal, en funcionamento interno, en condicións de entrada para visitalo, ou en avaliación de resultados, o CGAC tiña e todavía semella ter venia para “ir por libre”, mentres aqueles outros centros museísticos entran dentro da simple categoría de unidades adminis-trativas de segunda ou terceira orde, sen falarmos xa dos seus rácanos presupostos.

Pero quizais más doloroso e arrepiante para esta Asociación é contemplar como a outras entidades culturais, veciñas e com-pañeiras de anguias e traballo a prol do Patrimonio Cultural, se lle poñen todo tipo de atrancos e sofrén toda clase de agre-sións e desprezos. Velaí está o “exemplo” (negativo e ata fisicamente brutal) do der-rubo da Casa da Botica de Bretoña, cando a Asociación Xuvenil Auruxeira, entre ou-tros, soñaba (e nunca mellor dito) para ela un destino cultural e patrimonial que servira para que os britonienses recobraran a súa historia e, polo tanto avivarán a súa fe nun futuro marcado polo aprecio do propio e non polo papanatismo do foráneo. Afortunada-mente, ou eso esperamos, a historia, a tra-

dición e o cerne cultural de Bretoña depen-den de algo máis que de caprichos, veleidas e arroutadas de filiación política.

Pero a Terra Chá tamén ofrece cousas boas e aspectos positivos. A Asociación de Amigos da Feira de Castro de Rei, tra-ballando moi duramente, arreo e case sen a-xudas económicas, revitalizou a feira da capital do Concello e puxo en marcha a Ruta do Azúmara, que une dita capital co Cas-tro de Viladonga e que desde o mes de xuño en que se abriu e sinalizou, constitúe xa una referencia máis para a promoción, difusión e disfrute dos valores naturais e patri-moniais (e tamén “turísticos”) desta comarca de Castro de Rei. O texto da guía de man desta Ruta, da autoría do escritor license Lois Diéguez, recóllese neste número de Croa por xentileza daquela Asociación e deste autor.

Non se esquenza tampouco o labor que se está facendo neste e por parte de moitas persoas e institucións, para recuperar e difundir o patrimonio literario de fillos de Castro de Rei, e membros da nosa Asociación como Emilio Sinde son abandeirados á hora de promover o coñecemento (e o recoñecemento) da obra de poetas como Creciente Vega ou Francisco da Fientosa.

A importancia do patrimonio etnográfico, material e inmaterial, e a urxencia que nos obriga a actuar para documentalo, promove-lo e, na medida do posible, protexelo e aínda transmitilo, ven tamén a conto do que vimos de dicir. Por eso non é nada casual que neste número de CROA se inclúan di-versas e variadas colaboracións sobre te-mas etnográficos, etnolóxicos ou antropoló-xicos, co fin de dar a coñecer e difundir (precisamente para os protexer) uns sinas de identidade que son vitais para Galicia.

E para rematar, cómpre asimesmo, e aínda que pareza presunción, unha men-ción positiva para a nosa Asociación de Amigos, que está dando numerosas mos-tras de colaboración e xenerosidade co Museo (e neste caso tamén co Castro) que a motivan, cremos que constituíndose así nun exemplo para outras entidades e asociacións iguais ou similares. Un bo froito desta colaboración pode ser, como xa é sabido, a promoción e difusión contínua de Viladonga a través de reproducción de pe-zas, da realización de viaxes e actividades culturais, da publicación periódica desta mesma revista ou, xa desde marzo deste año, da elaboración dunha páxina Web en INTERNET (co seu boletín “e-Castrexo”), que cumple unha función de difusión fundamental para este conxunto de Viladonga e que sería impensable hai a penas uns poucos anos, e aí están para comprobarlo as máis de 2.200 visitas recibidas ata agora na dita páxina de sitios tan distantes como EE.UU, toda Latinoamérica, un bo número de Universidades españolas, etc. A sem-en-te está botada e a Asociación rega nela sen afogala.